



Este boletín describe unha visión xeral do Modelo Básico para as importacións: os procesos que deben seguir todos os movementos de mercadorías a partir de xaneiro de 2022. Non obstante, non se trata dunha lista exhaustiva de todos os requisitos que poden aplicarse a un movemento de mercadorías. Trátase só dunha visión xeral. Neste boletín non se inclúen outros requisitos aplicables a determinados movementos de mercadorías.

Réximes especiais aduaneiros

As empresas poden utilizar os réximes especiais de aduanas para suspender, reducir ou solicitar unha exención do pago dos dereitos de aduana e do IVE en determinadas condicións. Os réximes especiais inclúen:

- Depósito aduaneiro (Customs Warehousing): permite que as mercadorías que non están en libre circulación, se almacenen sen pagar os dereitos de aduana e, no seu caso, os impostos especiais ou o IVE á importación, nun depósito aduaneiro.
- Perfeccionamento activo (Inward Processing): permite suspender o pago dos dereitos de aduana, o IVE á importación e os impostos especiais sobre as mercadorías importadas mentres se efectúa o perfeccionamento.
- Perfeccionamento pasivo (Outward Processing): permite exportar temporalmente as mercadorías para a súa transformación ou reparación e reimportar os produtos transformados conservando o estatuto de nacional ou cunha exención parcial dos dereitos de importación.
- Admisión temporal: permite autorizar a empresas e particulares establecidos fóra do Reino Unido a importar mercadorías con exención total ou parcial de dereitos de aduana e outros gravames debido ao uso específico que se dará ás mercadorías.
- Uso autorizado: permite aplicar tipos reducidos ou nulos de dereitos de aduana a determinadas mercadorías importadas, sempre que se destinen a un uso final prescrito.

Requisitos

As empresas que pretendan utilizar réximes especiais con regularidade deber ser autorizadas pola HMRC. As empresas que pretendan importar ocasionalmente mercadorías a un réxime especial (que non sexa o do depósito aduaneiro) poden utilizar o método de autorización por declaración, que permite utilizar o réxime sen solicitar a autorización.

A autorización por declaración só pode utilizarse ata 3 veces por ano natural e o valor das mercadorías non debe superar as 500.000 libras esterlinas (aparte das mercadorías declaradas ao réxime de Admisión Temporal). Non está dispoñible para todas as mercadorías.

Non se necesitará unha garantía global aduaneira para ser autorizado a utilizar un réxime especial, a menos que se esixa especificamente. Esixírase unha garantía cando as mercadorías se declaren a un réxime especial mediante o método de autorización por declaración.

Os actuais usuarios dos réximes especiais poderán cancelar as súas GCA a partir do 1 de xaneiro de 2021, a menos que HMRC lles indique que deben conservar a súa garantía como condición para a autorización.

HMRC aplicará estas novas normas para as garantías dos procedementos especiais aduaneiros aos acordos de depósito de impostos especiais.

Controis

Pódese realizar un exame físico das mercadorías ou controis documentais.

Outros procesos

- Procesos de Declaración Aduaneira Simplificada – é unha autorización que permite que as mercadorías sexan liberadas directamente na fronteira a un réxime aduaneiro específico. As mercadorías poden introducirse directamente nun réxime de libre circulación, nun réxime económico, nun réxime especial ou noutro réxime aduaneiro.
- As mercadorías despáchanse na fronteira mediante unha declaración simplificada na fronteira ou, cando se efectúa unha inscrición nos rexistros do declarante (Entry in the Declarant's Records EIDR), un formulario C21 presentado para as mercadorías que chegan a un porto vinculado ao inventario ou que subministran un número EORI nos lugares GVMS. A SFD (Simplified Frontier Declaration) ou EIDR é seguida nunha data posterior por unha Declaración Suplementaria de Importación. Requírese antes do cuarto día laborable do mes seguinte.
- Declaración fronteiriza simplificada – Contén unha menor cantidade de información que unha declaración completa e debe conter unha descrición en linguaxe sinxelo das mercadorías, a Referencia Única de Envío da Declaración (Declaration Unique Consignment Reference DUCR), xunto con calquera outra información obrigatoria requirida polo Arancel. No caso do EIDR, o importador (o seu axente) realiza a declaración aduaneira simplificada directamente nos seus rexistros comerciais electrónicos.
- As mercadorías despachadas utilizando a declaración simplificada para as importacións seguirán sendo obxecto de controis anti-contrabando e todos os controis de admisibilidade en fronteira deben ser completados antes do despacho das mercadorías.
- Operadores Económicos Autorizados é un estatus que proporciona aos comerciantes unha serie de vantaxes, como a redución do nivel de garantía necesario e menos controis físicos e documentais.

- Procedementos de tránsito simplificados Estatus de expedidor/consignatario autorizado, que permite aos comerciantes iniciar ou finalizar os movementos de tránsito nos seus propios locais.
- As contas de aprazamento de dereitos permiten aos comerciantes aprazar os pagos a HMRC, o que beneficia ao fluxo de caixa. A HMRC introduciu novas normas que permitirán á maioría das empresas utilizar o aprazamento de dereitos sen necesidade de obter unha garantía global aduaneira (CCG). Esta facilidade non se aplicará ás empresas que teñan un historial de incumprimento ou sexan insolventes.
- O almacenamento temporal permite aos operadores almacenar mercadorías durante un máximo de 90 días nun lugar autorizado antes de decláralas a un réxime aduaneiro e pagar os dereitos correspondentes.
- Os operadores de paquetería autorizados poderán presentar unha declaración aduaneira para mercadorías non controladas cuxo valor non exceda de 135 libras.